

ESTREA EN NUMAX: 15.04.2016 | V.O.S.E. | +7

Le nouveau (2015, 81')

Dirección: Rudi Rosenberg

Guión: Igor Gotesman, Bruno Muschio, Rudi Rosenberg

Reperto: Réphaël Ghrenassia, Joshua Raccah, Géraldine Martineau, Guillaume Cloud-Roussel, Johanna Lindstedt, Max Boublil, Eythan Chiche, Gabriel Nahum, Ismaël Mandile

Montaxe: Julie Lena

Dirección de arte: Quentin Lestienne, Véronique Lorne, Octavio Tapia

Vestuario: Elise Bouquet, Reem Kuzayli

Son: Arnaud Lavaleix

Música: Rémi Barbot, Steve Bouyer, Pascal Mayer

Fotografía: Nicolas Loir

Produtora: Récifilms, Cinéfrance 1888, Mars Films (Francia)

Distribuidora: Karma Films

Formato de proxección: DCP 2K, 1.85:1

FILMOGRAFÍA

13 ans, 2008 [curtametraxe]

Aglaée, 2010 [curtametraxe]

PREMIOS

Donostia 2015

(Premio Novos Directores)

SINOPSE

Benoît, un rapaz de catorce anos, deixou o campo para se mudar a París. O seu primeiro día no colexio resulta ser máis difícil do que esperaba e pronto se sente illado. Até que un día Johanna, unha nova compañeira sueca, chega á clase. Benoit decide organizar unha festa en casa, pero só aparecen tres persoas, tres chaponas, Aglaée, Red Head e Constantin.

«O filme conta cun sentido impecábel do ritmo, unha dirección meticulosa e un humor elegante, sincero e continuo»

Carlos Loureda. FOTOGRAMAS



Entrevista con Rudi Rosenberg

Por Aida Amasuno Martín

Todos os días ouvimos falar de problemas que afectan aos escolares (acoso, discriminación, etc.). Como fixeches para que o teu filme puidese transmitir algunha mensaxe especial?

Quería abordar o tema dos complexos que cadaquén pode ter nesa idade desde un ángulo cómico, con lixeireza, porque para moita xente trátase dun asunto doloroso. Cando comecei a rodaxe non sabía cal ía ser a mensaxe final mais, cando a rematei, vin que o impulso do filme residía na idea de que cómpre liberarse da ollada dos outros e divertirse tanto coas persoas que nos aprecian como con aquelas que non coñecemos. Cando pensamos niso chegamos á conclusión de que aquilo que Benoît acada en seis meses hai xente que non o consegue en trinta anos.

Este filme é a continuación dunha curtametraxe. Volvemos atopar a Aglaée, que ten un impedimento físico... No proceso de escritura non foi exactamente así. Ao comezo, quería retratar un grupo de rapaces diferentes, rexeitados socialmente por algunha razón, e díxenme, por que non a causa dun *handicap* físico? Daquela engadimos o personaxe de Aglaée e vimos que funcionaba. Porén, *O novato* non trata os mesmos asuntos que a curtametraxe da que falas. Naquela había unha historia de amor. Aquí, realmente, non hai tal.

Daquela que é o que diferencia *O novato* dos demais filmes? Se a analizamos con calma podemos atopar unha chea de cousas, de detalles. Trátase dun filme que procura certa sutileza, rímonos mais tamén reflexionamos. O que diferencia o filme de calquera fita americana é que o filme remata ben, mais non como se podería imaxinar nun inicio. Pode que Benoît non conquiste a rapaza finalmente mais as amizades que traba no transcurso da historia son

de por vida. Para min hai unha frase que resume ben a busca do filme: «A excelencia é un conxunto de cousas pequenas, mais estas non son algo menor». Non estou a dicir que o meu filme sexa excelente, mais tentei prestar atención a cada detalle.

Desde a túa posición como actor, como decides dar o paso á realización?

Foi un pouco azaroso. Efectivamente era actor e decidín recibir aulas na escola de cinema para ser cineasta mais co único interese de profundar na dirección de actores. Nese momento doume de conta da necesidade de escribir historias que me sirvan de pretexto para traballar cos actores. Daquela intereseime polo mundo dos adolescentes, pois gústame a autenticidade das relacións que se establecen entre eles: cando eles rin, rin de verdade.

Hai algo da túa experiencia persoal na composición do relato?

Eu era dalgún xeito un Benoît algo tímido. Era o novo da clase. E tamén facía listaxes. O meu mellor amigo era Max Boublil: xuntos faciamos parvadas. Por exemplo, como el vivía enriba dun salón de beleza, acotío divertiámonos botando auga ou coca-cola encol dos peiteados das mulleres que saían do establecemento. Tiña gana de contar esta época máxica da miña vida.

Extraído de: <http://cineuropa.org/it.aspx?t=interview&l=fr&did=299653>
Tradución: Xan Gómez Viñas

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org